

CONVOCATORIA RESIDENTES 2024/2025

DOG 20/06/24

Orde da convocatoria cos impresos na nosa web: <http://credovigo.es>
no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A solicitude (Anexo I) e documentación **presentarase preferentemente na sede electrónica** da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> (formulario ED306A)

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

PRAZO:

Solicitantes matriculados en BACHARELATO:
Dende o día seguinte da publicación convocatoria ata o 19 de xullo de 2024
Solicitantes matriculados en CICLOS FORMATIVOS:
Dende o día seguinte da publicación convocatoria ata o 2 de agosto de 2024

DOCUMENTACIÓN:

- Anexo I (solicitude normalizada) – debidamente cumprimentado e asinado
- Anexo II (comprobación de datos) – debidamente cumprimentado e asinado
- Xustificante da matrícula do curso 2024/25
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables¹. Se non ten libro de familia ou se este non reflicte a situación familiar, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia
- Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia no mesmo domicilio
- Certificado oficial das notas obtidas no curso escolar 2023/24 ou do último curso que realizase
- Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia
- Documentación xustificativa da exención dos requisitos de non repetir curso ou de non ter abandonado por dúas veces os estudos iniciados
- Documentación acreditativa da concorrencia de circunstancias persoais e familiares moi graves para eximir do requisito de accesibilidade aos estudos desde o lugar de residencia
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero. Poderá acreditarse en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Resolución xudicial xustificativa do acollemento familiar
- Para acreditar vida independente respecto da unidade familiar debe presentar: escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexítima a ocupación da vivenda, recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...) e que dispón de medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos.
- Calquera outro documento que consideren conveniente

¹ **MEMBROS COMPUTABLES:** Persoa solicitante; as persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as persoas titoras; persoa que por novo matrimonio ou convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora; as irmás e irmáns solteiros menores de 25 anos que dependan das persoas proxenitoras, sempre que convivan no domicilio familiar; e as irmás e irmáns maiores de 18 anos con discapacidade, sempre que convivan no domicilio familiar.